

OS CARBOEIRA, UNHA DINASTÍA DE CANTEIROS DE ROMÁN (VILALBA)

Fernando Arribas Arias
José Manuel Blanco Prado

RESUMO

Tomando como base testemuños dos seus descendentes e diversa documentación, tentamos neste traballo facer unha historia dos “Carboeira”, dinastía de canteiros de Román (Vilalba) autora dunha boa parte dos cruceiros da Terra Chá.

RESUMEN

Tomando como base testimonios de sus descendientes y diversa documentación, intentamos en este trabajo hacer una historia de los “Carboeira”, dinastía de canteros de Román (Vilalba) autora de una buena parte de los cruceiros de la Terra Chá.

INTRODUCCIÓN

A maioría dos cruceiros galegos son manifestacións dunha arte anónima, froito da mestría duns canteiros que, sen coñecementos artísticos profundos, souberon plasmar na pedra un sentimento popular de devoción. Di Castelao que

“De poucos mestres canteiros quedou memoria no país, e ben merescían que quedase.”¹

Neste senso, urxe un traballo de búsqueda documental que recupere do anonimato a estes artífices que foron capaces de crear arte nun material tan difícil de traballar como é o granito.

Sen embargo, a pasar do carácter anónimo que caracteriza estas obras, algún nome dos seus autores chegou ata nós. Xa o propio Castelao, tirando do libro de Pérez Constanti “Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y

¹ Rodríguez Castelao, Alfonso. *As cruces de pedra na Galiza*. Torrejón de Ardoz (Madrid): Akal Editor, 1975. páx. 128.

XVII”, realiza unha nómina cos nomes de Xohán Neto, que fabrica un cruceiro en Sta. Baia de Araño (Rianxo); Xohán Fernández, veciño de Santiago; Antonio Mosquera e Domingo Fernández, ámbolos dous de Noia; Xohán de Vega, mestre canteiro de Carril e Xohán de Vilasoa, veciño de Comoxo (Boiro). Mención especial fai de Domínguez e Calviño, ós que cualifica de “grandes imaxineiros” e dos que di que

“...eran *barrosos*, é decir, fillos de Cotovade, que foi a comarca máis prolífera en mestres de pedra, como que dalí saíron os restauradores da catedral de León.”²

Pola súa parte, Clodio González Pérez establece que unha das causas polas que os autores dos cruceiros son na súa maioría descoñecidos é porque

“Agás casos contados, a obra non se consideraba de importancia como para facer contrato ante notario...”³

Pero este feito non impide a este autor citar a numerosos canteiros como, por exemplo, Xoán de Santiago, Xoán de Vilasó, Xacinto Gómez, Estéban Gómez, etc. De Cerdedo, na Terra de Montes e berce de importantes canteiros, foron Xoán de Bouzas Beiro, Xosé Bieto de Castro, Domingo e Francisco Fortes entre outros.

No século XIX aumenta a relación de nomes de canteiros coñecidos, relación que aínda é meirande a finais desta centuria e a medida que avanza a seguinte, o que quizáis se deba á existencia de maior documentación e ó recoñecemento progresivo do traballo destes artistas populares. Figuras deste período foron Ignacio Cerviño, pai de Xosé Cerviño García (autor do desencravo da parroquia de Hío, un dos cruceiros máis famosos de Galicia), Ignacio Cerviño Quintero (que para algúns autores é o autor do devandito cruceiro, obra que realiza xunto con Xosé Cerviño e Manuel Fontán Armiñán), Caetano Soto, Antonio Ferreiro, Antonio Rodríguez Sixto, Benxamín Quintero Martínez, etc.

Polo que respecta á provincia de Lugo, cómpre salientar no século XVIII a Felipe de Sá, natural de Parga (Guitiriz), autor do calvario dos Vilares; a Bieto Rifón Corral, que en 1899 talla as imaxes do cruceiro do adro da igrexa de Trobo (Begonte)⁴; un tal Soto de Vilalba, que realiza o cruceiro das Pedregosas (Candamil-Xermade); a Antonio Ulloa López, artífice do cruceiro do convento de Montecubeiro⁵, e sobre todo, ós Carboeira, que constitúen a familia de canteiros de máis sona da Terra Chá.

Nas páxinas deste capítulo pretendemos achegarnos á historia desta familia de canteiros, oriunda de Román (Vilalba) e autora de boa parte dos cruceiros chairegos.

SANTA BAIA DE ROMÁN

Santa Baia de ROMÁN, que xa figura no *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia* que en 1784 realiza D. Tomás López, “Geógrafo de los Dominios de S. M.”, é unha das

² *As cruces de pedra na Galiza*. páx. 128.

³ González Pérez, Clodio. *Os cruceiros*. Cadernos do Museo do Pobo Galego, nº 12, 2003. Páx. 50.

⁴ Arribas Arias, Fernando e Blanco Prado, José Manuel. *Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*. Sada: Edicións do Castro, 2000. páx. 52.

⁵ Gómez Polín, Ricardo. “A cultura da pedra. Unha visión antropolóxica á luz dos textos clásicos”, en *Os Canteiros*. Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, 2000. páxs. 80-92

trinta parroquias do concello de Vilalba. Polo *Interrogatorio* que para o *Catastro do Marqués da Ensenada* se realiza en Román o 19 de febreiro de 1753, descubrimos que esta freguesía pertencía naquel tempo ó Señorío da Excm. Condesa de Lemos, Andrade e Vilalba, a quen lle pagan as xentes do lugar 62 ferrados de centeo cada tres anos, amén doutros productos⁶.

Entre o seu arborado froiteiro predominan as maciras e cerdeiras, existindo tamén 16 ferrados de devesas de carballo de primeira calidade, igual superficie de segunda e 12 de terceira.

Na descrición que se fai desta freguesía dise tamén que hai catro muíños fariñeiros (situados en Cartemil, Baliño, Ribeira e Pazo) e 54 casas habitadas e 3 arruinadas.

Polo que respecta á poboación, esta ascende a 65 veciños que viven, fundamentalmente, da agricultura. Sen embargo, hai algúns que compaxinan esta actividade co desempeño dun oficio. Tal é o caso de Domingo Anido, que exerce de xastre dous meses ó ano, e de Manuel Vizoso, que só exerce un mes. Pola súa parte, Julián da Cabana, Domingo Rouco, Lucas Ferreiro e Andrés Rouco dedican tamén dous meses ó ano a traballar como zapateiros, sendo todos eles (agás Lucas) a súa vez curtidores. A parroquia conta con dous gaiteiros (Manuel Maceda e Fernando de Ynsua) e unha taberna, rexentada por Mariana Fernández, na que se vende tabaco.

Non hai xornaleiros, mencionándose a existencia de tres pobres entre os que se cita a María Camba Prieto.

O *Real de Legos*, realizado o 28 de abril de 1753 amplía os detalles da poboación de Román referenciada no capítulo 33 do *Interrogatorio*, pois “comprende todos los individuos seglares de ambos sexos, con distinción de Hedades, Estado, Oficios, Arte, Industria y de lo que cada uno utiliza por esta razón”. Segundo este *Real de Legos*, a parroquia que nos ocupa contaba cunha fidalga, D^a Mariana Rodríguez de Saa, viúva con catro fillos e dúas fillas. Como labradores estan Antonio Vaamonde, de 24 anos, casado e pai dun fillo e dunha filla; Antonio Rodríguez, de 40 anos, casado, que ten dous fillos e tres fillas; Andres de Castro, maior de 60 anos, viúvo, que vive en compañía de dous fillos, un deles casado; Agustín Rouco, maior de 60 anos, casado e con tres fillas; Alonso Blanco, de 54 anos, casado e pai dun fillo e dunha filla; Clemente da Debesa, de 46 anos, casado e con tres fillas; Domingo Boo, de 54 anos, viúvo que vive con tres fillos, unha filla e unha irmá; Domingo de Cordal, de 56 anos, casado e con tres fillos e dúas fillas; Domingo de Ruidíaz, maior de 60 anos, casado e co que conviven unha filla, un xenro (este de 36 anos) e dous netos; Domingo Blanco, de 25 anos, casado e cun fillo; Eugenio Zeleiro, de 36 anos, casado e pai dun fillo e dúas fillas; Francisco do Río, de 52 anos, casado, con dous fillos e dúas fillas; Francisco de Anido, de 41 anos, casado, cun fillo e unha filla; Francisco Pérez, de 50 anos, casado, co que viven un fillo, unha filla e un sobriño; Fernando Pérez, de 34 anos, casado, que ten na súa casa a unha filla, a sogra e a unha cuñada; Fernando Louzao, de 24 anos, solteiro, que vive cunha irmá e unha sobriña; Fernando de Ynsua, de 24 anos, solteiro, que vive en compañía de dúas irmás e exerce de gaiteiro, polo que lle regularon 20 reais de vellón ó ano; Fernando Penas o maior, de sesenta anos; Fernando Penas o menor, de 46 anos, casado, que vive en compañía da súa nai viúva; Ysidro de Ruidíaz, de 60 anos, casado, con dous fillos e tres fillas; Joseph

⁶ Agradecemos a Pilar Rodríguez Suárez a lectura desta documentación.

do Bal, de 40 anos, casado, con dous fillos e unha filla; Joseph Bentoso, de 50 anos, casado, ten dous fillos e unha filla; Joseph Baptista Vaamonde, de 34 anos, casado, con dous fillos e unha filla; Juan Pernas, de 52 anos, casado, ten dous fillos e dúas fillas; Juan Ares, de 50 anos, casado e cun fillo, Manuel do Río, de 50 anos, casado e con dous fillos; Martín Gómez, de 51 anos, casado e con catro fillos; Pedro da Fraga, de 33 anos, casado e cunha filla, Pedro de Ramil, de 60 anos, viúvo, ten un fillo e unha filla; Phelipe do Barro, de 22 anos, casado e pai de dúas fillas.

Manuel Vizoso, casado e maior de sesenta anos, compaxina o traballo de labrego co oficio de xastre, feito polo que lle regularon 40 reais de vellón ó ano. Pola súa parte, Andrés Rouco, de 38 anos, casado e con dous fillos e unha filla, ademais de labrego traballa como zapateiro e curtidor, regulándolle pola primeira das actividades 90 reais de vellón ó ano e 40 pola segunda. En igual situación atópanse: Domingo Rouco, de 34 anos, casado e con dúas fillas, a quen lle regularon 180 reais de vellón ó ano por zapateiro e 40 pola de curtidor; Julián da Cabana, de 44 anos, casado e pai de dous fillos e unha filla, ó que lle regularon 180 reales ó ano por zapateiro e 40 por curtidor.

A Lucas Ferreiro, de 30 anos, casado, cun fillo e unha filla, reguláronlle 90 reais de vellón ó ano por exercer-lo oficio de zapateiro ó igual que a Domingo de Anido, de 25 anos e casado.

Entre os arrendistas figura Juan da Cavana, veciño de Santa María de Carballido, ó que lle regularon 20 reais de vellón ó ano.

No apartado das mulleres figuran Mariana Fernández, viúva que vive en compañía dunha neta. Exerce de “estanquillera” polo que lle regularon 48 reales de vellón ó ano, cantidade á que hai que engadirlle 33 máis pola taberna que leva en arrendamento.

Outras viúvas son Ana Fernández e Cecilia López de Saavedra, tendo esta última dous fillos (un deles casado) e unha filla. Tamén aparecen como viúvas Dominga López, con dous fillos e dúas fillas; Dominga Fernández, que ten unha filla; Francisca de Lamas, nai dunha filla; Josepha Fernández, cun fillo e unha filla; María Micaela Pardo e María de Lago, esta última con tres fillos.

Como solteira figura María Fernández de Castro, que vive en compañía dunha irmá, chamada María Camba Prieto, viúva e pobre.

Como conclusión desta relación, o Real de Legos di que “según resulta ... parece haver en esta Feligresía quarenta y nueve personas utiles, y ciento y noventa y dos inutiles...” que pagan 281 reais de vellón ó ano, “...sacados de sus Industrias, en que no ban yncluidos los que Usan y exerzen los oficios queban expresados, por no haverse sacado al Margen su utilidad...”.

Se ben esta descrición da parroquia de Román e a relación da súa poboación é un pouco longa, parécenos interesante reproducila porque nos permite comprobar que no ano en que se realizou –1753– non había nesta freguesía minas de pedra en explotación e ningún dos seus habitantes exercía de canteiro, actividade que, como veremos máis adiante, estimamos que se asentou neste lugar con posterioridade.

Segundo o *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, realizado por Pascual Madoz e publicado en 1845, Román contaba con “...50 CASAS, algún arbolado y varias fuentes de buen agua.” A poboación era de 56 veciños e 280 almas que gozan dun “...clima templado y sano. El TERRENO es de buena calidad y participa de monte y llano.” A produción céntrase no “centeno, maíz, patatas, algún trigo, legumbres y otros frutos menores. Cria ganado vacuno, caballar, de

cerda, lanar y cabrío; hay caza y pesca: molinos harineros y algunos telares si bien su IND. es la agrícola y pecuaria.”⁷ Como podemos ver, tampouco nesta obra se fai referencia a minas de pedra nin a canteiros, o que nos leva a supoñer que por aquel tempo non era unha actividade que merecera ser destacada.

No *Nomenclator de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España*, realizado o 1 de xaneiro de 1888, dise que Román estaba formada por 19 “aldeas”, “casas de labor” e “caseríos” que contaban con 60 casas dun piso e 14 de dous pisos, ademais de 7 edificios diseminados dun piso. A súa poboación era de 361 de feito e igual cantidade de dereito⁸.

O LUGAR DE CARBOEIRA

Actualmente, Santa Baia de Román consta de 21 aldeas, sendo unha delas a de Carboeira, topónimo que pode te-la súa orixe nas carbas (especie de carballo de madeira ruín e folla miúda) que abundaban nesta zona. Pero o máis probable é que faga referencia ó montón de leña preparada para facer carbón vexetal ou ó espacio empregado para garda-lo carbón.

No xa citado *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, realizado por Pascual Madoz, non aparece con este nome ningún dos 24 lugares que, por aquel tempo, integraban esta parroquia.⁹ Cremos, sen embargo, que se trata dun erro, pois noutra das páxinas desta obra figura *CARBUEIRA* como “l. en la prov. de Lugo, ayunt. de Villalba, y felig. Sta. Eulalia de Román”¹⁰ que contaba cunha poboación de 2 veciños e 9 almas.

No devandito *Nomenclator de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España* de 1888, cítase como integrante Santa Baia de Román a *aldea* de Carboeira, formada por dez casas (8 dun piso e 2 de dous) que albergaban unha poboación de 52 persoas de feito e outras tantas de dereito¹¹ e que constituía a máis numerosa de toda a parroquia.

Tamén aparece citado o lugar de Carboeira na *Geografía General del Reino de Galicia*, no tomo correspondente á provincia de Lugo que realiza Manuel Amor Meilán. Segundo este autor, Santa Eulalia de Román consta de 34 aldeas¹², sendo a súa igrexa anexa da de Santiago de Goiriz.

⁷ Madoz, Pascual. *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid. 1845. Edición facsimile de Editorial Breogán. Madrid, 1986. Tomo V, pág. 1159

⁸ As entidades reseñadas son: Abelaira (aldea), Aneiros (Aldea), Arnado (casas de labor), Bouzamelles (casa de labor), Carboeira (aldea), Cardemil (casas de labor), Carrís (casas de labor), Casería (casas de labor), Dadín (caserío), Enfistela (casas de labor), Fuente-Marín (aldea), Locencia (aldea), Morozo (casas de labor), Pazo (casas de labor), Pedrouzo (casas de labor), Portocando (casas de labor), Romariz (casas de labor), Seibane (aldea), Villafurada (Caserío), ademais de sete edificios diseminados. Véxase: *Nomenclator de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España en 1 de enero de 1888*. Provincia de Lugo. Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico. Madrid, 1893.

⁹ Os lugares mencionados son: “Fraga, Seibane, Bousamelles, Meneiros, Marcai, Casaria, Bardela, Ruiz Díaz, Romariz, Abelaira, Folgueira, Fistela, Carballeira, Fontemariz, Navallos, Leboeiro, Villaferrada, Cartemil, San Fiz, Carris, Corcencias, Murazo, Balaño y Pazo.” Véxase: Madoz, Pascual. *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo V, pág. 1159.

¹⁰ Madoz, Pascual. *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Tomo II, pág. 243

¹¹ Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico. *Provincia de Lugo*. Cuaderno 28. Madrid. 1893.

A DINASTÍA DOS CARBOEIRA

Por membros desta familia¹³ de canteiros, do primeiro Carboeira canteiro do que temos constancia é **Domingo Seoane**. Polos Libros de Bautismos da parroquia de Román que se gardan no Arquivo Histórico Diocesano de Mondoñedo, sabemos que Domingo Antonio de Seoane nace o 12 de outubro de 1790, sendo o segundo fillo do matrimonio formado por Manuel Francisco Antonio (1763-1830) e María Fernández. Irmáns seus foron: Francisco Jerónimo (1789), Francisco Basilio Antonio (1792), Manuel Andrés Ramón (1793), Manuel Philipe (1795), Ramón Seoane e María Andrea entre outros. Por parte paterna, Domingo era neto de Francisco Seoane e Rosa Fernández (tíos de Domingo Ramón, quen en 1783 casa con María Fernández de Castro, que figura na Relación de Legos do Catastro do Marqués da Ensenada que citamos anteriormente) e, xa que logo, bisneto de Agustín Seoane (falecido o 6 de maio de 1751) e Dominga López, iniciadores (ata onde chegamos na investigación) desta familia. A Domingo Antonio de Seoane¹⁴ atribúenlle a realización da ponte vella de Martiñán, situada no Camiño de Santiago ó seu paso polo concello de Vilalba, e a de Distriz (tamén en Vilalba), parroquia esta última na que, segundo os nosos informantes, coñeceu a súa dona Josefa Fernández (filla de Inocencio Miragaya, natural de Distriz, e Antonia Fernández, natural de San Martiño de Lanzós) coa que tivo varios fillos, entre os que podemos citar a María (1827), Isidro Manuel (1829), Antonio (1830), Andrés (1835) e Bartolomé (1839).

A fermosa ponte vella de Martiñán levántase sobre o río Batán e está situada no camiño real de Mondoñedo a Vilalba. Consta de tres arcos: o maior, de medio punto pero lixeiramente apuntado; o central, apuntado e o máis pequeno, que funciona como desaugadoiro, tamén de medio punto. Os dous piares de separación dos arcos presentan tallameres triangulares a ambos lados, se ben o situado entre o arco apuntado e o desaugadoiro destaca polo seu maior tamaño e robustez.

Toda a ponte está construída con cachotería, reservándose os perpiaños para as dovelas dos arcos e tallamar central. O peitoril que limita a calzada, de rasante case horizontal, está formado por grandes chantos de granito, nos que se abren tres pares de gárgolas do mesmo material que serven para escorrer a auga da choiva cara ó río. Sobre o peitoril, e nun dos extremos desta ponte hai unha pedra tallada co relevo dunha custodia e unha inscrición ilexible.

Andrés Seoane Fernández (27-VI-1835) xunto cos seus irmáns, dedicouse tamén á construción de pontes, obras nas que a pedra labrada constituía o elemento esencial. Entre elas están a ponte de Moscarán (na estrada de Vilalba a Meira, concreta-

¹² Estas son: "Abelaira, Alfayate, Ameneira, Aneiro, Ares, Arnado, Carballás, Carboeira, Cardemil, Carrís, Casería, Dadín, Enfistela, Fontela, Fuente Marín de Abajo, Fuente Marín de Arriba, Galgueira, Gande, Junto la Iglesia, Laboreiros, Locencia, Mazdela, Morozo, Pazo, Pedrouzo, Pico de Román, Porto Cando, Porto Vilar, Romariz, Sande, San Fiz, Seibane, Torre e Ullo Marelo." Véxase: Amor Meilán, Manuel. *Geografía Genreal del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*. Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín, s.a. páx. 812.

¹³ Queremos expresar o noso agradecemento a Concha Seoane Hermida, Marcelino Seoane Hermida, José Seoane Hermida, Carmen Seoane Hermida, Cándida e Concha Seoane Pérez, todos eles Carboeiras, polas informacións que fixeron posible este traballo.

¹⁴ Cómpre dicir que Domingo Antonio Seoane figura como "labrador" o 28 de xaneiro de 1842 no Libro de Bautismos de Román, Tomo III, 1816-1842.

mente na parroquia de Árbol), as de Martiñán e Castromaior (ámbalas dúas na N-634) e, probablemente, a de Gontán (Abadín). Sen embargo, a ponte que tería unha maior transcendencia para os Carboeira sería a de Trimaz, na estrada de Vilalba a Momán. Esta ponte, que consta de dous arcos, sufriu recentemente reformas que modificaron substancialmente a fábrica orixinal.

A pedra para esta ponte foi levada en carros dende Cabanas, lugar da parroquia de Román (Vilalba), o que pon de manifesto o grande esforzo no transporte do material. Os Carboeira construíron esta ponte tres veces, pois nas dúas primeiras parece ser que non quedaba a gusto dos que a encargaron. Aínda así, esta ponte non foi pagada, o que significou a ruína da familia e o abandono por parte desta das obras civís. Dende entón, esta ilustre familia de canteiros vaise dedicar á realización de cruceiros e nichos para cemiterios. Entre os primeiros cómpre destaca-lo cruceiro de Lanzán, na parroquia vilalbesa de Tardade, que chama a atención pola profusa decoración. Así, a súa base, monolítica, de forma troncopiramidal e levantada sobre unha plataforma de tres chanzos de granito, presenta relevos en tres das súas caras¹⁵. O fuste, tamén monolítico, é de sección cuadrangular nos extremos, pois na súa parte central as arestas están rebaixadas. A cara SW está ornamentada cos seguintes relevos: un santo franciscano, unha custodia, a columna de flaxelación, dous cravos, un cravo, un martelo e unhas tenaces; situándose nos chafrás das arestas unha espada e unha escaleira de nove banzos. Debaixo das tenaces, nunha cartela, figura o ano de **1906**; situándose a continuación un Cristo de bulto redondo, sentado e coas mans sobre o peito, cunha inscrición ós seus pés que dí: **ECCE HOMO**. Dúas das caras da parte superior deste fuste presentan un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos con roeis flanqueando os vértices superior e inferior. Pola contra, o rebaixe da cara NE amosa un M invertido.

O capitel, de forma troncopiramidal invertida, está ornamentado con volutas (unidas por unha cadea) nos vértices das arestas, querubíns nas caras e unha sucesión de merlóns na parte inferior.

A cruz, latina e de tipo florenzada, de sección cuadrangular pero coas arestas rebaixadas, presenta no seu anverso unha efixie de Cristo con coroa de espiñas na cabeza, inclinada ó lado dereito; os seus brazos están estendidos ó longo da cruz (pero separados dela ó igual que a cabeza, espalda e pernas) e as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbolos dous sobre unha caveira sobre dúas tibias cruzadas. Flanquean esta efixie dúas figuras de santos. O reverso está presidido por unha imaxe da Piedade.

Segundo testemuñas da familia dos Carboeira, este cruceiro de Lanzán é obra de Andrés Seoane Fernández e o seu fillo Marcelino, e serviu de modelo para o que está situado no adro da igrexa de Sancovade, tamén no concello de Vilalba.

Polo que respecta ós nichos, boa parte dos existentes na comarca chairega son obra dos Carboeira, resultando moi difícil a súa adscrición a un determinado membro desta familia, pois entre eles non existen marcadas diferencias tipolóxicas. Quizais un bo indicio sexa a data de defunción dos enterrados nestes nichos, o que nos permite aproximá-la cronoloxía da súa construción.

¹⁵ Cara NW: San Roque co can; na SW: Santiago ecuestre; na SL: San Xosé; mentres que na NE aparece a seguinte inscrición: *EL YLLMO SR OBIS/ PO D MONDOÑEDO/CONCEDIÓ 50 DÍAS/ D INDULGENCIA Pº/REZAR CUALQUIERA O/RACIÓN APROBADA Pº/ LA IGLESIA DLANTE/DESTAS EFIGIES.*

Andrés Seoane Fernández casou con Dominga Leiras Fernández e tivo once fillos: Marcelino, Severiano, José, Jesús, Antonio, Mari Juana, Remedios, María, Pilar, Josefa e Concepción. Dos varóns, só Marcelino e Severiano continuaron co oficio de canteiro, pois José e Jesús profesaron como cregos e Antonio fixo carreira na Garda Civil, onde acadou o grado de Tenenté. Descoñecemos, sen embargo, que foi dos irmáns de Andrés (Antonio, Isidro Manuel e Bartolomé), rama da familia que cómpre estudar.

Marcelino Seoane Leiras naceu o 10 de xaneiro de 1875, día de San Marcelino, motivo polo que este nome encabeza ós de Guillermo e José María que tamén figuran na súa partida de bautismo. A súa morte ten lugar o 26 de xaneiro de 1955. Casou con María Pérez Pardiño, coa que tivo sete fillos: José, Antonio, Primo (que morreu ó pouco de nacer), Segundo, Manuel, Cándida e Concha. Agás Antonio, que estudio para crego, o resto dos varóns dedicáronse á cantería, pero deles falaremos máis adiante.

O segundo dos fillos de Andrés foi **Severiano Seoane Leiras** que, como xa dixemos, exerceu tamén de canteiro realizando tanto cruceiros como nichos, se ben parece que se centrou máis nestes últimos. Non sabemos exactamente o ano do seu nacemento¹⁶, pero este debeu ter lugar a finais da década de 1870 porque morreu de sesenta e tantos anos, concretamente o 9 de marzo de 1939 sen chegar a ver realizado un dos seus maiores desexos: o final da guerra civil.

Casou Severiano con Manuela Cendán Seoane, establecendo a súa residencia en Goiriz, na denominada *Casa da Cancela*. Tiveron cinco fillos: Manuel, crego de profesión; María; Jesús, que se dedicou ós labores agrícolas; José, que morreu ós vinteún anos, e Moisés, que escolleu a vida militar, chegando a Comandante do Exército. Como vemos, ningún continuou co oficio do seu pai, polo que por esta rama a dinastía de canteiros dos Carboeira non tivo continuidade.

Diciamos máis arriba que dos fillos de Marcelino Seoane e María Pérez só **José** (1909-1995) **Segundo** (1914-1996) e **Manuel** (1916-1993) foran canteiros, constituíndo así a cuarta xeración dedicada a este oficio. Os tres irmáns casaron con tres irmás, as Hermida Rouco, caso certamente curioso, e durante moito tempo traballaron xuntos realizando sobre todo nichos. As ganancias eran repartidas a partes iguais, reservándose incluso a parte de Segundo cando este non puido traballar por causa da enfermidade da súa muller. Sen embargo, algún tempo despois separáronse e Manuel centrouse na construción de cruceiros.

Por referencias do seu fillo Marcelino, sabemos que o primeiro cruceiro que fixo Manuel Seoane Pérez foi o de Ver, na parroquia vilalbesa de Goiriz. Trátase dun cruceiro¹⁷ de granito situado nunha encrucillada do Camiño de Santiago ó seu paso por esta parroquia, concretamente no punto quilométrico 129,155. A súa plataforma consta de dous chanzos de cachotería, mentres que a base, monolítica, está formada por dous elementos separados por unha escocia: o inferior paralelepípedo e o superior de forma troncopiramidal cunha baquetiña nas arestas superiores. O fuste, tamén monolítico, presenta unha sección cuadrangular nos extremos e as arestas rebaixadas no centro. A súa cara

¹⁶ Agradecemos tamén a D. José Vispalia Seoane as informacións que nos facilitou do seu avó.

¹⁷ A orientación deste cruceiro é Oeste-Leste e as súas coordenadas UTM son: x= 613.535; y= 4.797.044

W está ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos. Nas catro caras da parte superior deste fuste hai un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. O capitel presenta unha forma troncopiramidal invertida, ornamentándose con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras e unha sucesión de merlóns na parte inferior.

A cruz, latina e florenzada, ten unha sección cuadrangular pero coas arestas rebai-xadas. No seu anverso, baixo unha cartela, efixie de Cristo con coroa de espiñas na cabeza, inclinada ó lado dereito; os seus brazos están estendidos ó longo da cruz formando unha lixeira V (pero separados dela ó igual que a cabeza, espalda e pernas) e as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo.

No reverso, imaxe da Piedade na que unha Virxe sedente, vestida con túnica e manto, ten no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man esquerda. A cabeza de Cristo está caída para atrás, mentres que o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica que cobre as pernas da súa Nai.

Outros cruceiros realizados por Manuel (que normalmente presentan unha cadea como adorno no capitel) son o do cemeterio de Santa Cecilia de Ferrol; o do cemeterio e da praia fluvial de Vilalba; o da Casa do Suso, da Casa da Cándido, da Casa da Maruxa, da Casa de Quitano e da Casa de Pradiero en Román (Vilalba); o de Vilar de San Lourenzo en Árbol (Vilalba); o das Barreiras (dedicado a Nieves Ares Bouza) e o de Cabreiros, posto por Andrés Gato Maseda, ámbolos dous en Xermade; os das casas de Jesús de Freire e de Jesús Darriba en Goiriz (Vilalba). En Viveiro son obra de Manuel os cruceiros da Ermida de San Roque e o do Naseiro; así como os situados na Finca das Galdo e de Nicolás Garai Franco (Area), no Monte Castelo (Burela) e na praza de Ferreira do Valadouro. Na casa da viúva de Jesús Fraga (Perbes) hai un cruceiro feito por Manuel, autor tamén do do adro da igrexa de Sancobade (Vilalba), inspirado no de Lanzán.

Sen embargo a produción de Manuel non se limitaba ós cruceiros, pois tamén levou a cabo dous altares (o da igrexa de Sta. Marina de Ferrol e o da igrexa de Candia en Abadín) e Cristos de escritorio, demoninación que aplicamos a pequenos cruceiros para poñer enriba dunha mesa como obxecto de adorno. Tal é o caso do Cristo de escritorio que fixo para o concello de Vilalba, e que lle foi regalado a D. Manuel Fraga Iribarne, e dos que posúen varios médicos lucenses e diferentes familias de Miami (EE.UU), cidade á que se enviaron seis.

Completan a obra de Manuel unha pedra de armas para unha casa de Cospeito e o frontís da capela de San Roque de Viveiro, ademais de diversas cruces como a situada nas inmediacións do río Madalena, cruzando o Ladra, na estrada de Ferrol, onde afogou un irmán de Sr. Fraga Iribarne, Cristos e imaxes.

Diciamos máis arriba que os tres irmáns casaran con tres irmás. José fíxoo con Carmen Hermida Rouco e dos catro fillos que tiveron (Moisés, Cándida, Josefa e Concha) ningún continuou coa tradición familiar.

Outro tanto podemos dicir da descendencia de Manuel e Remedios Hermida Rouco, integrada por Marcelino, Carmiña, Modesta, Maruja, Jesús, Ramón e Moncho

(denominado igual que o seu irmán Ramón, quen faleceu ós dous meses de idade), se ben este último algo argallou nesta profesión, pero sen chegar a abrazala plenamente.

Fillos de Segundo Seoane e María Hermida son: Ermitas, Remedios, José, Gloria e Manuel, dos que só **José**, nado en 1947, traballa de canteiro, sendo o único representante da quinta xeración. Casado con Amelia Corral, os fillos de ámbolos dous son aínda novos para que podamos saber se haberá unha sexta xeración de Carboeiras canteiros.

ANEXO I

Recollemos neste anexo as referencias ós membros da familia dos Seoane que figuran nos libros de Bautismos, Matrimonios e Defuncións das parroquias de Román e Goiriz dende 1750 a 1842.

LIBRO DE BAUTISMOS DE ROMÁN DE 1750 A 1816 (Tomo II)

DOMINGO RAMÓN, nace o 30-VIII- 1760

Fillo de Juan de Seoane e María Vázquez

Padriño: Domingo de Seoane (solteiro), veciño de S. Xurxo de Rioaveso e fillo de Agustín de Seoane e Dominga López, veciños de Román.

MARÍA FRANCISCA, nace o 14- XII- 1762

Filla de Juan de Seoane e María Vázquez

Padriño: Francisco de Seoane, fillo de Agustín de Seoane e Dominga López.

MANUEL FRANCISCO ANTONIO, nace o 5- XII- 1763

Fillo de Francisco de Seivane e Rosa Fernández.

DOMINGO SIMÓN, nace o 17- IX- 1766

Fillo de Francisco de Seoane e Rosa Fernandez

Padriño: Domingo de Seoane.

MARÍA THERESA, nace o 7-II-1769

Madriña: Rosa Fernández, muller de Francisco de Seoane.

MARÍA FLORENTINA, nace o 30-III-1769

Padriño: Domingo de Seoane.

JUAN ANDRÉS, nace o 4-X-1773

Fillo de Francisco de Seoane e Rosa Fernández.

DOMINGO ANTONIO ROSENDO, nace o 29-V-1774

Padriño: Domingo de Seoane, home de Sabina do Rigueiro.

DOMINGO JOSEPH ANTONIO, nace o 17-VII-1779

Padriño: Domingo de Seoane, viúvo de María Sabrina do Rigueiro.

JOSEPH ANTONIO DE SEOANE, nace o 17-XII-1783

Fillo de Domingo de Seoane e María Fernández de Castro

Avós paternos: Juan de Seoane (defunto) e María Báñez

Avós maternos: Pedro da Fraga e Rosa Fernández de Castro (defuntos)

Padriño: Domingo de Seoane, home de Rosa Fernández.

FRANCISCO GERÓNIMO DE SEOANE, nace o 10-V-1789

Fillo de Antonio de Seoane e María Fernández

Avós paternos: Francisco de Seoane e Rosa Fernández

Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Isabel Fernández, de Goiriz.

LUIS ANTONIO DE SEOANE, nace o 8-VI-1789

Fillo de Domingo de Seoane e María Fernández de Castro

Avós paternos: Juan de Seoane (defunto) e María Vázquez

Avós maternos: Pedro da Fraga e Rosa Fernández de Castro.

JUAN ANTONIO DE SEOANE, nace o 8-VI-1789

Fillo de Domingo de Seoane e María Fernández de Castro

Avós paternos: Juan de Seoane (defunto) e María Vázquez

Avós maternos: Pedro da Fraga e Rosa Fernández de Castro.

DOMINGO ANTONIO EDUARDO, nace o 12-X-1790

Fillo de Antonio Seoane e María Fernández

Avós paternos: Francisco de Seoane e Rosa Fernández

Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Isabel Fernández.

MARÍA ANDREA VÁZQUEZ, nace o 7-III-1792

Filla de Domingo Vázquez e Bernarda Vázquez

Avós maternos: Juan de Seoane (defunto) e María Vázquez, veciños de Carballido.

FRANCISCO BASILIO ANTONIO, nace o 29-V-1792

Fillo de Antonio Seoane e María Fernández

Avós paternos: Francisco de Seoane e Rosa Fernández

Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Isabel Fernández

Padriños: Francisco de Seoane e a súa filla Juana Fernández.

MANUEL ANDRÉS RAMÓN, nace o 31-VIII-1793

Fillo de Antonio Seoane e María Fernández

Avós paternos: Francisco de Seoane e Rosa Fernández

Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Ysabel Fernández.

ROSENDA, nace o 7-X-1793
Padriño: Domingo Antonio Seoane.

CAYETANO ANTONIO, nace o 27-VI-1794
Fillo de Antonio Rodríguez e Juana Fernández
Avós maternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández.

EVARISTO JOSEF, nace o 3-VIII-1794
Fillo de Andrés Seoane e Rosa Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez e Ysabel Fernández.

ROSENDO ANTONIO JULIÁN, nace o 17-III-1796
Fillo de Antonio Rodríguez e Juana Fernández
Avós maternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández.

MANUEL PHILIPPE, nace o 1-V-1795
Fillo de Antonio Seibane e María Fernández
Avós paternos: Francisco Seibane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Ysabel Pérez.

MARÍA FRANCISCA, nace o 19-VI-1796
Filla de Andrés Seoane e Dominga Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Ysabel Fernández
Padriños: Francisco Rouco, home de Rosa Fernández, a de Goiriz, e María Fernández, muller de Antonio Seoane.

MARÍA ANDREA, nace o 8-XI-1796
Filla de Antonio Seoane e María Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Ysabel Fernández, veciños de Goiriz.

MARÍA JOSEFA ROSENDA, nace o 23-II-1798
Filla de Andrés Seoane e Dominga Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Ysabel Fernández
Padriño: Pedro Seoane, tío paterno.

JOSEFA ANTONIA, nace o 11-VII-1799
Filla de Andrés Seoane e Rosa Fernández
Avós Paternos: Francisco Seoane (foi o padriño) e Rosa Fernández
(Non se citan os abós maternos).

ANTONIO JUAN, nace o 2-VIII-1799
Fillo de Antonio Rodríguez e Juana Fernández
Avós maternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández.

ROSA FERNÁNDEZ, nace o 31(¿)-X-1801
Filla de Andrés Seoane e Dominga Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez e Ysabel Fernández

MARÍA JOSEFA VENTURA ANTONIA, nace o 10-I-1802
Padriño: Antonio Seoane, home de María Fernández.

MARÍA JUANA, nace o 18-VIII-1802
Filla de Antonio Rodríguez e Juana Fernández
Avós maternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Padriño: Andrés Seoane, tio materno.

ANTONIO MARÍA, nace o 15-XII-1803
Fillo de Andrés Seoane e Dominga Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez (defunto) e Ysabel Fernández.

MARÍA BERNARDA ANTONIA, nace o 4(¿)-X(¿)-1805
Filla de Andrés Seoane e Dominga Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández
Avós maternos: Alonso Pérez (defunto) e Ysabel Fernández.

MARÍA ANTONIA VICENTA, nace o 22-XI (¿)- 1807
Filla de Andrés Seoane e María Fernández
Abós paternos: Francisco Seoane (defunto) e Rosa Fernández
Abós maternos: Alonso Pérez e Ysabel Fernández.

MARÍA ANTONIA, nace o 10-VI-1808
Padriños: Antonio Seoane e a súa muller María Francisca Fernández, veciños de Román.

JUAN ROSENDO, nace o 1-IX-1808
Padriño: Rosenda, solteira, filla de Francisco Seoane e Rosa Fernández.

MARÍA VENTURA, nace o 4-XI-1810
Filla de Andrés Seoane e Dominga Fernández
Avós paternos: Francisco Seoane (defunto) e Rosa Fernández
Avós maternos: Miguel Pérez e Ysabel Fernández, veciños de Goiriz.
Padriños: Antonio Seoane e a súa muller María Fernández, veciños de Román.

LIBRO DE BAUTISMOS DE ROMÁN DE 1816 A 1842 (Tomo III)

MANUELA, nace o 12-IV-1817

Filla de Basilio Seoane e María Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández

Avós maternos: Manuel Hermida e Rosa Fernández.

ROSENDÁ, nace o 8-VI-1817

Filla de Andrés Seoane e Dominga Fernández

Avós paternos: Francisco Seoane e Rosa Fernández

Avós maternos: Miguel Pérez e Isabel Fernández.

ANTONIA MARÍA, nace o 13-X-1820

Filla de Basilio Seoane e María Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández.

Avós maternos: Manuel da Hermida e Rosa Fernández

MARÍA JUANA ÁGATA, nace o 4-II-1821

Filla de Evaristo Seoane e Antonia Fernández

Avós paternos: Andrés Seoane (defunto) e Dominga Fernández

Avós maternos: Manuel Cordal e Rosa Fernández.

ANTONIO THOMÁS, nace o 7-VIII-1825

Fillo de Agustín do Rego e Felipa Fernández

Avós maternos: Domingo Seoane (defunto) e María Fernández.

JOSEF, nace o 26-VIII-1825

Fillo de Basilio Seoane e María Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández

Avós maternos: Manuel da Hermida e Rosa Fernández.

MARÍA, nace o 3-VI-1827

Filla de Domingo Seoane e Josefa Fernández, veciños de Román, barrio da Carboeira

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández (defunta)

Avós maternos: Inocencio Miragaya e Antonia Fernández.

MARÍA JOSEFA, nace o 13-X-1827

Filla de Ramón Seoane e Juana Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández

Avós maternos: Antonio Debasa e Ana Fernández.

MANUEL, nace o 3(¿)- X- 1828

Fillo de Evaristo Seoane e Antonia Fernández

Avós paternos: Andrés Seoane (defunto) e Dominga Fernández

Avós maternos: Manuel Cordal e Rosa Fernández

Padriño: Manuel Seoane.

ISIDRO MANUEL, nace o 13-V-1829

Fillo de Domingo Seoane e Josefa Fernández, veciños de Román, no barrio da Carboeira.

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández.

Avós maternos: Inocencio Miragaya e Antonia Fernández (defunta), veciños de Distriz.

Padriño: Basilio Seoane.

BASILIO, nace o 18-XI-1830

Fillo de Ramón Seoane e Juana Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández

Avós maternos: Antonio Debasa e Ana Fernández

Padriños: Basilio Seoane (viúvo de María Fernández) e Josefa Fernández, muller de Domingo Fernández.

ANTONIO, nace o 13-VI-1830

Fillo de Domingo Seoane e Josefa Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane (esposa difunta)

Avós maternos: Inocencio Miragaya e Antonia Fernández.

MARÍA MANUELA, nace o 3-V-1834

Filla de Ramón Seoane e Juana Fernandez

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández

Avós maternos: Antonio Debasa e Ana Fernández.

MARÍA AGUSTINA, nace o 27-VIII-1834

Padriños: Domingo Seoane e Josefa Fernández.

ANDRÉS SEOANE, nace o 27-VI-1835

Fillo de Domingo Seoane e Josefa Fernández, veciños de Román, barrio da Carboeira.

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández (defuntos)

Avós maternos: Inocencio Miragaia e Antonia Fernández (defunta), veciños de Distriz

Madriña: Antonia Fernández, filla de Basilio Seoane e María Fernández.

JUAN, nace o 18-X-1835

Fillo de Ramón Seoane e Juana Fernández

Avós paternos: Antonio Seoane e María Fernández (defuntos)

Avós maternos: Antonio Debasa e Ana Fernández.

JOSEF SEOANE, nace o 14-IV-1837

Fillo de Evaristo Seoane e Antonia Fernández

Avós paternos: Andrés Seoane (defunto) e Dominga Fernández (de Goiríz)

Avós maternos: Manuel Cordal e Rosa Fernández.

BARTOLOMÉ SEOANE, nace o 25-III-1839

Fillo de Domingo Seoane (labrador e natural de Román) e Josefa Fernández (natural de Distriz)

Avós paternos: Antonio Seoane (de Román) e María Fernández (Goiriz)

Avós maternos: Inocencio Miragaya (de Distriz) e Antonia Fernández (de S. Martiño de Lanzós)

JULIÁN MANUEL, nace o 28-I-1842

Fillo de Ramón Seoane e Juana Fernández (labradores)

Avós paternos: Antonio de Seoane e María Fernández (defuntos)

Avós maternos: Antonio Debasa e Ana Fernández

Padriños: os seus irmáns José Seoane e Josefa.

LIBRO DE MATRIMONIOS E DEFUNCIÓNS DAS PARROQUIAS DE GOIRIZ E ROMÁN (1750-1842).

Matrimonio de DOMINGO DE SEOANE con MARÍA FERNÁNDEZ DE CASTRO (2 – I- 1783).

Domingo de Seoane, fillo lexítimo de Juan de Seoane (defunto) e da súa muller María Bázquez, veciños de Carballido.

María Fernández de Castro, viúva de Marcelino de Román.

Testemuñas: Domingo de Seoane e Domingo Vázquez, veciños de Román.

Matrimonio de LORENZO SEOANE con JUANA FERNÁNDEZ (8-II-1789).

Lorenzo Seoane, fillo lexítimo de Juan de Seoane e da súa muller María Bázquez, veciños de Carballido.

Juana Fernández, filla de Juan e de M. Fernández (defuntos) veciños de Román.

Testemuñas: Domingo de Seoane e Francisco de Seoane, veciños de Román.

Matrimonio de RAMÓN SEOANE con JUANA FERNÁNDEZ (Decembro de 1820).

Defunción de AGUSTÍN SEOANE (6-V-1751), veciño de Román e pai de Domingo de Seoane (solteiro) e Juana e Mariana López (solteiras).

Defunción de MARIANA SABINA DO RIGUEIRO (1776), muller de Domingo Seoane.

Defunción de ANTONIO SEOANE (20-VII-1830), casado en primeiras nupcias con María Fernández, natural de Román, e en segundas con María Díaz. Fillos lexítimos coa primeira muller foron: Basilio (viúvo de María

Fernández), Domingo (casado con Josefa Fernández), Ramón (casado con Juana Fernández), Andrea e Antonia; mentres que coa segunda só tivo un fillo chamado Manuel, menor de idade no momento da morte de Antonio Seoane.

Defunción de DOMINGO SEOANE (7-II-1823), casado con María Fernández. Os dous son veciños de Román. Filla súa foi Felipa, de 25 anos naquel tempo.


Defunción de ANDRÉS SEOANE (14-IX_1812), veciño de Román e casado en primeiras nupcias con Sabina do Riqueiro, veciña de San Mamede de Oleiros. Descendentes deste matrimonio foron: Manuel Seoane (casado no Ferrol) e Juan. Casado en segundas nupcias con María Rosa Fernández, coa que tivo a Josefa, casada con Francisco López.

Andrés hijo de
 Domingo Seoane
 y Josefa Hernandez


{ En veintiseis
 noche del mes de Ju-
 nio del año de mil e
 ochocientos cuarenta y cinco yo Don Josef Nar-
 raon Obispo, y Sancho de los Rios Obispo
 de las Parroquias de Santiago de Oporto
 Conlicentes de Don Manuel Canas
 de ellos, y su mujer Santa Eulalia de No-
 man baptice solemnemente a un niño, que
 nació en este modo: la hizo leonino de
 Domingo Seoane, y de su mujer Josefa Her-
 nandez vecinos de la dicha de Roman, y Pa-
 rro de la Anboeira. Nieto paterno de Anto-
 nio Seoane, y de su esposa Maria Her-
 nandez difuntos vecinos, que fueron de la
 Parroquia de Roman, y materno de Joaquin
 de Aragao, y de su difunta Conjuente An-
 tonia Hernandez vecinos de esta fue, y aquel
 es de Vasco Martin de Dalmaz. Pero de nom-
 bre Andrés. Fueron sus padrinos Andres mi-
 ragaes hombre casado vecino de la nombrada
 de Dalmaz, y Antonia Hernandez Voltera
 hija de Basilio Seoane, y su difun-

Partida de nacimiento de Andrés Seoane.

Domingo Seoane En catorce de Septiembre de mil
 ochocientos doce milio administrado de la Santa Sacram^{ta}
 y auxiliado Domingo Seoane vecino, q^e ha sido de Sta. E.
 lalia de Roman, y al dia siguiente y o^{ra} Ramon Armado
 Vicario en esta y en la de Santiago de Coiraz puerto p^o 554
 p^o indisposicion del actual cura de ellas Sr. Fran. Ma.
 uel de la Vega, y Rio asisti adax sepultura de el anu
 cadaver de la Iglesia Parroquial de aquella a
 sus entienos apistieron ocho pres. sacerdotes segun de
 dispuesto en el testam^{to} que hizo p^o delante Sr. Andres
 Antonio Lavada Sr. de ayntam^{to} de la villa, y conde
 de Gullalba en los diez y ocho dias de diciembre de mil
 ochocientos diez en el q^e mando oír tantos p^o el dia de
 sus honrras, seis i. de ofrenda o. cada funcion y q^e los
 cumplidores a copia del quinto de sus vener. muebles y
 nares, q^e se hallaren a su muerte pagaren otras fun-
 ciones y derechos del cura y q^e lo restante de dho quinto,
 desp^o de pagar chos funerales y derechos, lo distribuyesen
 en Misas o limosnas a su arbitrio, sin q^e el cura les
 pudiese pedir cuenta. Erubo casado de primeras nu-
 cias con Juana do Pequena vecina, q^e fue de n. Maria
 de Oloron de uno matrimonio les quedaron p^o hijos a
 Manuel Seoane casado en el Terzo, y a Juan de Oloron,
 y de segundas con M.^a Juana Fr. n. regis en uno matu-
 monio tubieron p^o hijos a Josefa casada con Fran. Lopez
 de lo p^o cumplidores ala dha suma q^e el Sr. cura y auxiliado
 Josefa y a Sr. Ju. Cabana p^o v^o de Carbedillo y p^o q^e
 contra lo firma Ramon Armado



Ponte Vella de Martiñán (Vilalba).







Ponte Vella de Martiñán (Vilalba).




Marcelino Seoane e a súa dona.



Marcelino Seoane



Panteón de Marcelino Seoane.




Marcelino Seoane



**Cruceiro de Ver.
Primeira obra de Manuel Seoane.**



**Detalle do Cruceiro de Ver.
Primera obra de Manuel Seoane.**



Detalle do panteón de Manuel Seoane